

EXAME CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A COBERTURA DA PRAZA DE PROFESOR/A DE HIXIENE, DIETÉTICA E NUTRICIÓN

**1.- A data de entrada en vigor da Constitución é:**

- a) 28.12.1973
- b) 27.12.1976
- c) 29.12.1978
- d) 01.01.1979

**2.- Á reforma da Constitución dedica esta o seu título:**

- a) Segundo
- b) Oitavo
- c) Décimo
- d) Ningún

**3.- De acordo co artigo 46 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, está lexitimada para interpoñer o recurso de amparo constitucional a persoa directamente afectada nos casos de:**

- a) As violacións dos dereitos e liberdades recoñecidos nos artigos catorce a vinte e nove da Constitución orixinadas por disposicións, actos xurídicos, omisións ou simple vía de feito do Goberno ou das súas autoridades ou funcionarios, ou dos órganos executivos colexiados das comunidades autónomas ou das súas autoridades ou funcionarios ou axentes, unha vez que se esgotou a vía xudicial procedente.
- b) As decisións ou actos sen valor de Lei, emanados das Cortes ou de calquera dos seus órganos, ou das Asembleas lexislativas das Comunidades Autónomas, ou dos seus órganos, que violen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, desde que, conforme as normas internas das Cámaras ou Asembleas, sexan firmes.
- c) As violacións dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, que tivesen a súa orixe inmediata e directa nun acto ou omisión dun órgano xudicial.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**4.- De acordo co artigo 7 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional:**

- a. Tribunal Constitucional consta de dúas Salas. Cada Sala está composta por seis Maxistrados nomeados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b. Tribunal Constitucional consta de dúas Salas. Cada Sala está composta por oito Maxistrados nomeados polo Tribunal en Pleno.
- c. Tribunal Constitucional consta de dúas Salas. Cada Sala está composta por oito Maxistrados nomeados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d. Tribunal Constitucional consta de dúas Salas. Cada Sala está composta por seis Maxistrados nomeados polo Tribunal en Pleno.

**5.- De acordo co artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o Goberno en funcións non poderá exercer as seguintes facultades:**

- a) Propoñer ao Rei a disolución dalgunha das Cámaras, ou das Cortes Xerais.
- b) Formular a cuestión de confianza.
- c) Propoñer ao Rei a convocatoria dun referendo consultivo.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**6.- De acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o ministro da Presidencia elevará o Plan Anual Normativo ao Consello de Ministros para a súa aprobación:**

- a) Antes do 30 de abril.
- b) Antes do 31 de marzo.
- c) Antes do 31 de xaneiro.
- d) Antes do 28 febreiro.

**7.- En que artigo recolle a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia as competencias exclusivas de Galicia?**

- a) 1
- b) 32

- c) 59
- d) 27

**8.- De acordo co artigo 8 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía para Galicia, a sede das institucións autonómicas fíxase por unha lei de Galicia para cuxa aprobación se require o voto favorable de:**

- a) As dúas terceiras partes dos membros do Parlamento.
- b) As tres quintas partes dos membros do Parlamento.
- c) As dúas terceiras partes dos membros da Xunta.
- d) As tres quintas partes dos membros da Xunta.

**9.- De acordo co artigo 45 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia:**

- a) O Parlamento pode esixir a responsabilidade política da Xunta e o seu Presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.
- b) A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos tres primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.
- c) A moción de censura deberá estar asinada polo menos por unha sexta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**10.- De acordo co artigo 26 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, correspóndelle ao Presidente da Xunta:**

- a) Crear, modificar ou suprimir mediante Decreto a Vicepresidencia ou Vicepresidencias, se as houber, e as Consellerías, sempre que non supoña aumento de gasto público, así como nomear e dispoñer o cesamento dos Vicepresidentes e Conselleiros.

- b) Velar polo cumprimento das directrices sinaladas pola Xunta e promover ou coordinar a execución dos acordos do Consello e das súas Consellerías.
- c) Formular ante o Parlamento, previa deliberación do Consello, a moción de censura.
- d) Dirixir e coordinar a acción do Parlamento e asegurar a súa continuidade.

**11.- De acordo co artigo 22 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia:**

- a) A presentación de candidatos haberá de realizarse mediante listas que deben incluír tantos candidatos como cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a catro.
- b) A presentación de candidatos haberá de realizarse mediante listas que deben incluír tantos candidatos como cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a cinco.
- c) A presentación de candidatos haberá de realizarse mediante listas que deben incluír tantos candidatos como cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a seis.
- d) A presentación de candidatos haberá de realizarse mediante listas que deben incluír tantos candidatos como cargos a elixir e, ademais, un número de suplentes non superior a tres.

**12.- De acordo co artigo 37 bis da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia:**

- a) As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o décimo quinto día seguinte ao da votación.
- b) As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o décimo día seguinte ao da votación.
- c) As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o vixésimo día seguinte ao da votación.
- d) As xuntas electorais provinciais realizarán o escrutinio xeral o oitavo día seguinte ao da votación.

**13.- De acordo co artigo 2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo:**

- a) O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de seis anos. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. Para estes efectos será suficiente a maioría simple para a adopción de acordos da Comisión.
- b) O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de cinco anos. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. Para estes efectos será suficiente a maioría simple para a adopción de acordos da Comisión.
- c) O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de cinco anos. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. Para estes efectos será necesaria a maioría absoluta para a adopción de acordos da Comisión.
- d) O Valedor do Pobo será elixido polo Parlamento de Galicia para un período de seis anos. A proposta de candidato ou candidatos a Valedor do Pobo será realizada pola Comisión de Peticións ao Pleno do Parlamento de Galicia. Para estes efectos será necesaria a maioría absoluta para a adopción de acordos da Comisión.

**14.- En relación co sinalado polo artigo 15 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo:**

- a) A actividade do Valedor do Pobo de Galicia verase interrompida nos casos en que o Parlamento non se atope reunido, fose disolto ou expire o seu mandato. Nos citados casos o Valedor do Pobo de Galicia dirixirase á Deputación Permanente da Cámara.
- b) A actividade do Valedor do Pobo de Galicia non se verá interrompida nos casos en que o Parlamento non se atope reunido, fose disolto ou expire o seu mandato. Nos citados casos o Valedor do Pobo de Galicia dirixirase á Deputación Permanente da Cámara.
- c) A actividade do Valedor do Pobo de Galicia verase interrompida nos casos en que o Parlamento non se atope reunido, fose disolto ou expire o seu mandato. Nos citados casos o Valedor do Pobo de Galicia dirixirase á Comisión de Peticións.



- d) A actividade do Valedor do Pobo de Galicia non se verá interrompida nos casos en que o Parlamento non se atope reunido, fose disolto ou expire o seu mandato. Nos citados casos o Valedor do Pobo de Galicia dirixirase á Comisión de Peticións.

**15.- De acordo co artigo 4 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, as conselleiras e conselleiros electivos terán como límite máximo de permanencia nos seus cargos a idade de:**

- a) 45 anos
- b) 65 anos
- c) 80 anos
- d) 72 anos

**16.- De acordo co artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, o Consello Consultivo ditaminará preceptivamente sobre os asuntos seguintes:**

- a) Interposición polo Consello da Xunta de recursos de inconstitucionalidade e formulación de conflitos de competencia ante o Tribunal Constitucional, previamente á presentación do correspondente procedemento.
- b) Reclamacións de responsabilidade patrimonial de contía superior a 15.000 euros para a Administración autonómica.
- c) Reclamacións de responsabilidade patrimonial de contía superior a 30.000 euros para as administracións locais.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**17.- De acordo co artigo 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística:**

- a) Os cidadáns dirixiranse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito para empregar a súa lingua.
- b) Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

- c) Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
- d) Todas as anteriores son correctas.

**18.- De acordo co artigo 9 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística:**

- a) Nos Rexistros Públicos non dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribírase na lingua que indique quen o presenta no Rexistro.
- b) Nos Rexistros Públicos dependentes da Administración autonómica, os asentamentos faranse na lingua oficial en que estea redactado o documento ou se faga a manifestación. Se o documento é bilingüe, inscribírase na lingua que indique quen o presenta no Rexistro.
- c) As certificacións literais poderanse expedir na lingua na que se efectuase a inscrición reproducida, a vontade do solicitante.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

**19.- Segundo o artigo 8.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, os xulgados do Contencioso-Administrativo coñecerán en única ou primeira instancia das seguintes materias:**

- a) Unha sanción de cesamento de actividade por doce meses.
- b) Unha reclamación por responsabilidade patrimonial de 60.000 euros.
- c) Multa non superior a 60.000 euros.
- d) Nacemento da relación de servizo dos funcionarios de carreira.

**20.- Segundo o artigo 64 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, o prazo para evacuar as conclusións no procedemento ordinario é:**

- a) De vinte días sucesivos.
- b) De dez días sucesivos.

- c) De dez días simultáneos.
- d) De quince días simultáneos.

**21.- Segundo a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas, sobre cal dos seguintes tributos estatais poderá establecerse unha recarga autonómica?:**

- a) O imposto sobre sociedades.
- b) O imposto sobre a renda das persoas físicas.
- c) O imposto sobre hidrocarburos.
- d) O imposto sobre o valor engadido.

**22.- Segundo a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas, sinala cal das seguintes funcións non corresponde ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas:**

- a) Resolver os conflitos que se susciten na aplicación dos puntos de conexión dos tributos.
- b) A coordinación da política de endebedamento.
- c) A coordinación da política orzamentaria das Comunidades Autónomas coa do Estado.
- d) A coordinación da política de investimentos públicos.

**23.- Segundo o artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde:**

- a) Ao órgano competente para aprobar a convocatoria.
- b) Ao órgano competente para resolver a convocatoria.
- c) Ao órgano competente para comprobar a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) Ao órgano que se indique na convocatoria.



**24.- Segundo o artigo 49 da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, cando no informe emitido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma recóllase a procedencia de reintegrar a totalidade ou parte da subvención, o órgano xestor deberá comunicar á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma:**

- a) A incoación do expediente de reintegro ou a discrepancia coa súa incoación no prazo de dous meses a partir da recepción do informe de control financeiro.
- b) A incoación do expediente de reintegro ou a discrepancia coa súa incoación no prazo de quince días a partir da recepción do informe de control financeiro.
- c) A incoación do expediente de reintegro ou a discrepancia coa súa incoación no prazo dun mes a partir da recepción do informe de control financeiro.
- d) A incoación do expediente de reintegro no prazo de quince días a partir da recepción do informe de control financeiro, salvo discrepancia coa súa incoación.

**25.- O artigo 6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dispón que en ningún caso poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas a:**

- a) A resolución dos recursos nos órganos administrativos que ditan os actos obxecto de recurso.
- b) Os asuntos sometidos a emisión de informe ou ditame preceptivo.
- c) As resolucións de carácter sancionador.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**26.- Tal como se establece nos artigos 6, 7, 11 e 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, é necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia:**

- a) Da delegación de competencias.
- b) Da avocación.
- c) Da delegación de firma.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

**27.- Segundo o establecido no artigo 52 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma, remitirase ao Parlamento de Galicia antes do:**

- a) 1 de xullo.
- b) 20 de outubro.
- c) 31 de decembro.
- d) Primeiro día do exercicio económico no que teña que aplicarse.

**28.- De acordo con o artigo 77 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os perceptores de pagos a xustificar quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas no prazo de:**

- a) 8 días.
- b) 30 días.
- c) Un mes.
- d) Tres meses.

**29.- De acordo co artigo 24 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, sinale cal dos seguintes conceptos non forma parte das retribucións complementarias do persoal funcionario:**

- a) A progresión alcanzada polo persoal funcionario dentro do sistema de carreira administrativa.
- b) O grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o persoal funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.
- c) Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, por cada tres anos de servizo.

- d) As respostas b) e c) son correctas.

**30.- De conformidade co artigo 39 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, en unidades electorais onde o número de funcionarios estea comprendido entre 251 e 500 funcionarios, o órgano de representación destes corresponderá:**

- a) Ao Comité de empresa.
- b) Aos Delegados Provinciais.
- c) Á Xunta de Persoal.
- d) Aos Delegados de Persoal.

**31.- De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou en salvagárdaa dos intereses xerais das administracións públicas correspóndelle:**

- a) Ao persoal empregado público.
- b) Ao persoal laboral, cando ocupen postos cuxas actividades sexan propias de oficios.
- c) Ao persoal funcionario, exclusivamente.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**32.- Cal das seguintes é unha causa de cesamento do persoal eventual segundo o artigo 30 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia?:**

- a) Comisión de servizos.
- b) Cesamento da autoridade para a que presta servizos.
- c) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
- d) As respostas b) e c) son correctas.



**33.- Segundo o establecido no artigo 7 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, será requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas o que a cantidade total percibida por ambos os postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de director xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:**

- a) Un 65 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- b) Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
- c) Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
- d) Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.

**34.- Segundo o disposto no artigo 13 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, non poderá recoñecerse compatibilidade algunha para actividades privadas a quen:**

- a) Se lle houber autorizado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos os sexa superior ao 80 por cento da máxima nas Administracións Públicas.
- b) Se lle houber autorizado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade privada, sempre que a suma de xornadas de ambos os sexa igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas.
- c) Se lle houber autorizado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos, sempre que a suma de xornadas de ambos os sexa igual ou superior á máxima nas Administracións Públicas.
- d) Se lle houber autorizado a compatibilidade para un segundo posto ou actividade públicos.

**35.- Segundo o disposto no artigo 50 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autó-**

**noma de Galicia en materia de igualdade, nas actividades formativas organizadas ou financiadas pola Administración pública galega:**

- a) Deberá reservarse, en todo caso, un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria.
- b) Reservarase un cincuenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, que accederán á quenda reservada só se non houberse suficientes solicitudes de participación das mulleres.
- c) Deberá asegurarse unha representación feminina de, polo menos, o corenta por cento.
- d) Reservarase un sesenta por cento das prazas a mulleres que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria.

**36.- Segundo o disposto no artigo 52 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, enténdese que existe predominancia para os efectos de alcanzar a plena eficacia do principio de igualdade retributiva no emprego público:**

- a) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, corenta puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- b) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- c) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, trinta e cinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
- d) Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha representación inferior das mulleres.



**37.- Segundo o disposto no artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, son principios desta lei:**

- a) A autonomía individual, excluindo a liberdade de tomar as propias decisións.
- b) A vida independente.
- c) A discriminación.
- d) Todas son correctas.

**38.- Segundo o disposto no artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinale a resposta correcta:**

- a) O Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas e ás entidades locais, regulará as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade.
- b) As comunidades autónomas, sen prexuízo das competencias atribuídas ás entidades locais, regularán as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade.
- c) As entidades locais regularán as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación que garantan os mesmos niveis de igualdade de oportunidades a todas as persoas con discapacidade.
- d) Ningunha é correcta.

**39.- Segundo o disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á Información específica sobre subvencións, poden ser excluídos da publicación:**

- a) Aqueles datos que estean protexidos polo secreto comercial ou industrial, en todo caso.
- b) Aqueles datos que estean protexidos polo secreto comercial ou industrial, previo informe debidamente motivado.
- c) Con carácter xeral, aqueles supostos ou aqueles datos nos que así o esixan ou aconsellen razóns prevalentes pola existencia dun interese público máis digno de protección, sen que deba ser motivado expresamente.
- d) Con carácter xeral, aqueles supostos ou aqueles datos nos que así o esixan ou aconsellen razóns prevalentes pola existencia dun interese privado máis digno de protección, en todo caso, previo informe da Asesoría Xurídica.

**40.- Segundo o disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública, garantirase á cidadanía:**

- a) A posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou outras leis.
- b) A recepción da información pública en formato electrónico ou en papel, segundo indicase a persoa solicitante.
- c) A recepción da información pública na lingua oficial de Galicia na que a solicite.
- d) Todas son correctas.

**41.- Segundo o disposto no artigo 29.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a duración dos contratos de concesión de obras ou de concesión de**

**servizos á que se refire o segundo parágrafo do presente apartado, non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas, de:**

- a) Trinta anos para os contratos de concesión de obras, e de concesión de servizos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo.
- b) Trinta e cinco anos para os contratos de concesión de obras, e de concesión de servizos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo.
- c) Corenta anos para os contratos de concesión de obras, e de concesión de servizos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo.
- d) Cincuenta anos para os contratos de concesión de obras, e de concesión de servizos que comprendan a execución de obras e a explotación de servizo.

**42.- Segundo o disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, considéranse contratos menores:**

- a) Os contratos de valor estimado igual ou inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- c) Os contratos de valor estimado igual ou inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- d) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.



**43.- Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación ao cómputo de prazos, sinala a resposta correcta:**

- a) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son naturais.
- b) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles, incluíndose en cómputo os sábados.
- c) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son naturais, salvo causa de forza maior.
- d) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos sinalense por días, enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.

**44.- Segundo o disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación aos prazos do recurso de alzada, sinala a resposta correcta:**

- a) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de 15 días, se o acto fóra expreso.
- b) O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto fóra expreso.
- c) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de dous meses, se o acto fose firme.
- d) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de dous meses, se o acto fóra expreso.

**45.- Segundo o disposto no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación aos trámites preceptivos para a subscrición de convenios, sinala a resposta correcta:**

- a) Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde xustifique o seu carácter contractual.
- b) Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, non será necesario que se acompañe ningún informe.
- c) Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario autorización previa do Ministerio de Presidencia.
- d) Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei.

**46.- Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de firma:**

- a) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa notificación.
- b) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación.
- c) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.
- d) Non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez será necesaria a súa publicación e a notificación a cada persoa interesada.

**47.- Segundo o artigo 5 do Real decreto 998/2018, do 3 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, sinala a resposta correcta:**

- a) A Secretaría de Estado de Turismo, baixo a superior dirección da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, exercerá, entre outras, aquelas outras funcións que atribúa a lexislación vixente ao Departamento en relación co sector turístico.
- b) O Instituto de Turismo de España, baixo a superior dirección da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, exercerá, entre outras, aquelas outras funcións que atribúa a lexislación vixente ao Departamento en relación co sector turístico.
- c) A Secretaría Xeral de Turismo, baixo a superior dirección da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, exercerá, entre outras, aquelas outras funcións que atribúa a lexislación vixente ao Departamento en relación co sector turístico.
- d) A Comisión Interministerial de Turismo, baixo a superior dirección da persoa titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, exercerá, entre outras, aquelas outras funcións que atribúa a lexislación vixente ao Departamento en relación co sector turístico.

**48.- O Real decreto 425/2013, do 14 de xuño, polo que se aproba o estatuto do Instituto de Turismo de España establece no seu artigo 1 que:**

- a) O Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) é unha entidade pública empresarial das comprendidas no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrita ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital a través da Secretaría de Estado de Turismo.
- b) O Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, co-

respóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos previstos neste estatuto e a potestade expropiatoria.

- c) O Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) é un organismo autónomo dos comprendidos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, adscrito ao Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital a través da Secretaría de Estado de Turismo.
- d) O Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) ten personalidade xurídica privada, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade xurídica e de obrar e, dentro da súa esfera de competencias, correspóndenlle as potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos previstos neste estatuto, salvo a potestade expropiatoria.

**49.- Sinala a resposta correcta de acordo con o establecido no artigo 27.21 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.**

- a) A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias concorrentes con outras administracións para a promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.
- b) A Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de que así se acorde en comisión bilateral de transferencias, ten competencia exclusiva para a promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.
- c) A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva para a promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.
- d) A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva para a dirección e xestión do turismo no seu ámbito territorial.

**50.- De acordo co establecido no artigo 20 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a**

**Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, sinala a resposta correcta:**

- a) A área de Feiras, situada na cidade de Ourense, exercerá as súas competencias sobre todo o territorio galego, de acordo con as instrucións e directrices emitidas pola Delegación Territorial de Ourense.
- b) A área de Coordinación Xeral será a área da Axencia á que corresponderá especificamente o exercicio das funcións de xestión e administración do turismo termal, e a coordinación e supervisión do resto das direccións.
- c) A área de Imaxe Turística ten nivel orgánico equivalente ao de subdirección xeral.
- d) A persoa que exerza a titularidade da Xerencia é persoal directivo e será nomeada e separada polo Consello Reitor a proposta da Dirección da Axencia.

**51.- De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, enténdese por xeodestinos turísticos:**

- a) As áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.
- b) Os territorios que polos seus especiais características demanden unha actuación específica e singular das administracións públicas con competencias en materia turística, a fin de garantir a execución dunha política turística común e especial.
- c) Os bens materiais e inmateriais e as manifestacións da realidade física, social, histórica e cultural de Galicia que poidan xerar ou incrementar de maneira directa ou indirecta os fluxos turísticos tanto do interior como do exterior da nosa comunidade, propiciando repercusións económicas favorables.
- d) Aqueles territorios que cumpran cos requisitos que se fixen por vía regulamentaria e, como mínimo, que a media ponderada anual de poboación turística sexa superior ao 25% do número de veciños.

**52.- De acordo co establecido no artigo 55 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, non se considera un tipo de establecemento de aloxamento turístico:**

- a) Os establecementos hostaleiros.
- b) Os apartamentos e vivendas turísticas.
- c) Os campamentos de turismo.
- d) Os establecementos de restauración.

**53.- Os moluscos bivalvos adoitan ser acumuladores tamén de tóxicos, por iso é fundamental depuralos ou establecer períodos de veda, respecto a os mitilotoxismos é certo que:**

- a) O ácido domoico é unha "toxina amnésica" (Amnesic Shellfish Poisoning (ASP).
- b) A ciguatoxina é unha "toxina diarreica" (Diarrhetic Shellfish Poisoning, DSP).
- c) O ácido okadaico é unha "toxina paralizante" (Paralytic Shellfish Poisoning, PSP).
- d) Todas estas toxinas son termolábiles (a 72°C, 5 segundos xa se destrúen).

**54.- Respecto a contaminantes químicos presentes nos alimentos resultantes de tecnoloxías alimentarias, é certo que:**

- a) Os nitritos que poden estar presentes nalgúns vexetais crús están considerados como canceríxenos (Clasificación IARC 1A).
- b) O arsénico orgánico presente nalgunhas augas de fontes e pozos está relacionado co cancro de mama.
- c) Os policlorodibenzofuranos prodúcense nos alimentos cando se usan técnicas de asado ou outras a altas temperaturas.
- d) A acrilamida fórmase nos alimentos mediante unha variante da reacción de Maillard a  $T^{\circ} \geq 120^{\circ}C$ , aínda que hai tamén outros roteiros, e aínda non se demostrou que sexa un carcinóxeno para humanos.

**55.- Respecto a aditivos alimentarios permitidos na UE, é certo que:**

- a) Se engaden desde un punto de vista microbiolóxico.
- b) Ás veces o seu uso adoita confundir ou inducir a erro ao consumidor.
- c) Algúns deles son sospeitosos de producir cancro.
- d) Debe haber unha necesidade tecnolóxica razoable para utilizalo que non poida cubrirse por outros medios.

**56.- Respecto a tres tipos principais nos que se clasifica unha Toxiinfección Alimentaria causada por bacterias, é certo que:**

- a) Clostridium perfringens causa Intoxicacións alimentarias.
- b) Campylobacter spp. causa Toxiinfeccións alimentarias propiamente ditas (mediadas por toxinas).
- c) Salmonella spp. causa Infeccións alimentarias.
- d) Listeria monocytogenes causa Intoxicacións alimentarias.

**57.- Respecto aos virus como causantes de enfermidades alimentarias, sinale o que é certo:**

- a) Inactívanse aos poucos días de estar no alimento.
- b) Detéctanse porque xeran coloracións marronáceas nos alimentos.
- c) Multiplícanse nos alimentos aínda que estean en refrixeración.
- d) A depuración dos moluscos bivalvos non é un método suficiente para o control de virus.

**58.- O manipulador de alimentos debe de lavarse frecuentemente as mans pois é un foco contaminante principalmente de:**

- a) Staphylococcus aureus.
- b) Salmonella spp.
- c) Campylobacter spp.
- d) Escherichia coli.

**59.- Cal das seguintes aseveracións NON se contempla como unha Boa Práctica de Manipulación de Alimentos:**

- a) Lavarse o pelo de maneira regular.
- b) Os panos só deben de usarse unha soa vez e despois tirar ou lavar.
- c) En restauración, pódese requecer a preparación culinaria todas as veces que faga falta ata 50°C (non máis por precaución queimadura cliente).
- d) Evitar usar locións despois de afeitar e perfumes.

**60.- Respecto aos tipos de vehículos que se poden utilizar para o transporte de alimentos, é certo que:**

- a) Un vehículo isoterma é o que ten unha caixa con paneis laterais que limitan o intercambio de calor entre o interior e o exterior.
- b) Vehículo refrixerado é o vehículo isoterma provisto dun dispositivo de produción de frío mecánico (compresor, máquina de absorción etc.)/ etc.).
- c) Vehículo frigorífico é o que ten un receptáculo que usa unha fonte de frío non mecánica, por exemplo placas eutéticas, depósitos de xeo seco etc.
- d) Vehículo calorífico é o vehículo isoterma provisto dun dispositivo de produción de calor.

**61.- Respecto aos métodos de conservación e prácticas de conservación permitidas, (Real decreto 1021/2022, do 13 de decembro, polo que se regulan determinados requisitos en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios en establecementos de comercio polo miúdo, BOE núm. 305, 21.12.2022), é certo que:**

- a) Permítese comercializar peixe, pota ou polbo secado de forma tradicional ao aire libre sempre que teñan unha actividade de auga inferior a 0,70.
- b) Os establecementos de comercio polo miúdo que vaian levar a cabo a conxelación de produtos frescos deberán dispoñer dun equipo de conxelación que alcance polo menos  $\leq -15^{\circ}\text{C}$ .
- c) O volume total de alimentos de elaboración e conservación propias no comercio polo miúdo nunca poderán superar o 25 kg/semana.



- d) No comercio polo miúdo de carnes (carnicería, salchichería, charcutería) nunca se poderán elaborar produtos salazonados.

**62.- O Principio número 4 do sistema de autocontrol da hixiene baseado no APPCC (Análise de Perigos e Puntos de Control Crítico) é:**

- a) Identificar perigos e avaliar riscos.
- b) Establecer límites críticos.
- c) Establecer medidas de vixilancia.
- d) Establecer medidas de corrección.

**63.- Respecto ás intolerancias alimentarias é certo que:**

- a) O apio pode causar intolerancias.
- b) As intolerancias alimentarias en xeral cúranse.
- c) Os sulfitos poden causar intolerancias.
- d) As intolerancias en xeral causan efectos secundarios como asma.

**64.- A que temperatura deben arrefriarse rapidamente as comidas preparadas nos sistemas de produción de cadea fría se posteriormente vanse a almacenar en cámaras a 3 °C?, indicar a resposta correcta:**

- a) A 10 °C en menos de 24 horas.
- b) A 7 °C en menos de 4 horas.
- c) A 10 °C en menos de dúas horas.
- d) Débense de almacenar a 3 °C inmediatamente tras a preparación.

**65.- En canto ás recomendacións e requirimentos de macronutrientes diremos que:**

- a) O requirimento de ácido palmítico é de 2% das calorías diarias da dieta.
- b) Os requirimentos de aminoácidos non varían ao longo da vida.
- c) Os requirimentos de aminoácidos axofrados (mg/kg de peso corporal) son máis do dobre nos lactantes que nos adultos.

- d) O requirimento diario de ácido linoleico sempre é maior que o de ácido linoleico.

**66.- En canto á recomendación diaria de glicosa diremos que:**

- a) Non se estableceron límites mínimos de inxestión.
- b) Para que non se produza cetose, a inxesta mínima é de 50 g/día.
- c) Existen variacións de idade, sexo, situación fisiopatolóxica.
- d) Todas as premisas anteriores son correctas.

**67.- Respecto a os requirimentos de micronutrientes xerais, sinala a premisa correcta:**

- a) Os requirimentos de vitamina B3 poden cubrirse co triptófano e a vitamina B6 da dieta.
- b) No embarazo dóbrase o requirimento de retinol.
- c) Na muller fértil o requirimento de vitamina B12 é de aproximadamente 400 µg/día.
- d) Os requirimentos de calcio nunha muller son de aproximadamente 100 mg/día.

**68.- Indique cal das seguintes afirmacións é certa:**

- a) A quinoa é un legume.
- b) Os percebes son crustáceos.
- c) As hortalizas son verduras.
- d) Os cacahuetes son tubérculos.

**69.- Cal dos seguintes tipos de fibras é insoluble:**

- a) Gomas.
- b) Mucílagos.
- c) Ligninas.
- d) Pectinas.

**70.- Cal das seguintes NON é unha técnica de cocción de alimentos:**

- a) Sofrito.

- b) Braseado.
- c) Marinado.
- d) Escaldado.

**71.- Con respecto á pirámide da alimentación cardiosaudable, diremos que:**

- a) Debemos comer peixe 2 veces por semana.
- b) A ración diaria de froitos secos debe ser de 25-30 gramos, sen sal engadido.
- c) En canto aos vexetais, recoméndanse 3-4 racións ao día de verduras, hortalizas ou froitas.
- d) Os legumes deben ser consumidas polo menos unha vez por semana.

**72.- Respecto á etiquetaxe nutricional da declaración de Hidratos de carbono, o sub-tipo "dos cales azucres" fai referencia a:**

- a) Azucres totais.
- b) Azucres engadidos.
- c) Azucres simples.
- d) Azucres investidos.

**73.- No ano 2013, entre as estratexias de prevención das enfermidades crónicas (marco programa de promoción de estilos de vida saudables) deseñouse o Plan Xermola en Galicia. Cal é o obxectivo do devandito plan?, marque a resposta correcta:**

- a) Prevención da obesidade infantil en Galicia.
- b) Prevención da obesidade na poboación en xeral.
- c) Prevención da obesidade en mulleres maiores de 18 anos.
- d) Prevención da obesidade en homes maiores de 18 anos, son o grupo poboacional con maior risco de infarto.

**74.- Respecto ás recomendacións para a planificación de menús saudables, cal das seguintes afirmacións se atopa recollida en "A nova Guía da alimentación saudable" elaborada pola Sociedade Española de Nutrición Comunitaria (SENC):**

- a) A carne vermella é unha fonte de vitamina B12, ferro, potasio, fósforo e zinc polo que se recomenda un consumo de polo menos tres veces á semana.



- b) O consumo de 3 a 5 ovos á semana é unha boa alternativa nutricional á carne e ao peixe, alimentos cos que comparte calidades nutritivas.
- c) Polo alto contido de antinutrientes , en concreto, fitatos ou ácido fítico débese de restrinxir o consumo de fabas, os chícharos, os garavanzos e fabas a menos de dúas racións á semana.
- d) Recoméndase o consumo de bebidas fermentadas xa que contribúen a diminuír o risco cardiovascular e protexer doutras enfermidades. O consumo de viño e cervexa debe facerse só por adultos e non deberá excederse as 4 unidades ao día.

**75.- En canto ás necesidades nutricionais da nai que lacta, é certo que:**

- a) As necesidades de proteínas incrementáanse en 70 g, dos cales o 50% deben ser proteínas de alto valor biolóxico.
- b) Se debe asegurar un incremento diario de aproximadamente 700 mg de calcio.
- c) Nunca se debe suplementar a unha nai lactante con vitamina A, córrese o risco de síndrome retinoide no lactante.
- d) As necesidades de vitaminas hidrosolubles non se incrementan no embarazo.

PREGUNTAS RESERVA:

**76.- En canto á alimentación do lactante, diremos que:**

- a) O neonato san podería deglutir sólidos, pero isto non é recomendable.
- b) Os movementos mastigatorios reflexos non aparecen ata a irrupción dos dentes.
- c) A lipasa lingual é moi importante durante a lactación pois contribúe á dixestión dos lípidos da dieta.
- d) O pH gástrico é máis baixo que nos adultos, por iso prodúcese a miúdo episodios de pirose.

**77.- En relación coa baixada do LDL-colesterol plasmático, é certo que:**

- a) O que máis inflúe é o incremento de potasio na dieta.

- b) O que máis inflúe é a baixada do consumo de ácidos graxos saturados na dieta.
- c) O que máis inflúe é a baixada do consumo de alcol na dieta.
- d) Son falsas todas as respostas anteriores.

**78.- Respecto a as Enfermidades Inflamatorias Intestinais (EII), é certo que:**

- a) A recomendación xeral é seguir dietas de tipo restritivo.
- b) A etioloxía indica que os alimentos son os que desencadean estas enfermidades nestes pacientes susceptibles a iso.
- c) Dentro das EII están a colite ulcerosa, a Enfermidade de Crohn e a diverticulite.
- d) A nutrición enteral é moi efectiva e recoméndase en pleno brote severo en nenos e adolescentes.